

P-ANEXO VII

GLOSARIO DO SISTEMA EDUCATIVO

- **EDUCACIÓN ESCOLAR:** Abranxe os ensinos básico, secundario e superior, as modalidades especiais e inclúe actividades de ocupación do tempo libre.
- **EDUCACIÓN PREESCOLAR:** Formación complementaria e supletiva da acción educativa da familia; destínase ós nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 anos e a idade de acceso ó ensino básico (6 anos).
- **ENSINO BÁSICO:** Ten unha duración de nove anos e é obrigatorio ata os 15 anos de idade; o ensino básico abranxe tres ciclos secuenciais: un 1º ciclo de catro anos, un 2º ciclo de dois anos e un 3º ciclo de tres anos.
- **1º CICLO DO ENSINO BÁSICO:** Ensino globalizante, impartido por un único docente, que pode ser axudado en áreas especializadas.
- **2º CICLO DO ENSINO BÁSICO:** Organizado por eidos interdisciplinares, desenvóvese predominantemente nun rexime de profesor por área.
- **3º CICLO DO ENSINO BÁSICO:** Organízase conforme a un plano de estudos unificado, integrando áreas vocacionais diversificadas, e desenvólvese nun rexime de profesor por materia ou grupo de materias.
- **ENSINO POLITÉCNICO:** Ten por obxectivo fornecer unha sólida formación cultural e técnica de nivel superior, desenvolve-la capacidade de innovación e de análise crítica, e proporcionar coñecementos científicos suficientes de índole teórica e práctica, así coma as súas aplicacións, con vistas ó exercicio da actividade profesional.

- **ENSINO DE ADULTOS:** Destinado a individuos que xa non se atopan na idade normal de asistencia ós ensinos básico e secundario; a esta modalidade de ensino acceden os individuos a partir dos 15 anos (ó nivel do ensino básico) e dos 18 anos (ó nivel do ensino secundario).
- **ENSINO SECUNDARIO:** Ten unha duración de tres anos e organízase segundo formas diferenciadas, contemplando a existencia de modalidades predominantemente orientadas á vida activa (cursos tecnolóxicos ou cursos profesionais) ou para a continuación dos estudos (cursos xerais), posuíndo todas elas compoñentes de formación de sentido técnico, tecnolóxico e profesionalizante e de lingua e cultura portuguesas apropiadas á natureza dos diversos cursos.
- **ENSINO SUPERIOR:** Ten unha duración variable e abranxe o ensino universitario e o ensino politécnico.
- **ENSINO UNIVERSITARIO:** Ten por obxectivo garantir unha sólida preparación científica e cultural e fornecer unha formación técnica que califique para o exercicio de actividades profesionais e culturais e fomente o desenvolvemento das capacidades de concepción, de innovación e de análise crítica.
- **EQUIVALENCIA:** Identidade ou correspondencia entre títulos/certificados obtidos no sistema de ensino español cos correspondentes títulos/certificados do sistema de ensino portugués.
- **FORMACIÓN PROFESIONAL:** Ademais de complementa-la preparación para a vida activa iniciada no ensino básico, ten por obxectivo a integración dinámica no mercado de traballo, a través da adquisición de coñecementos e de competencias profesionais, tentando responder ás necesidades nacionais de desenvolvemento e á evolución tecnolóxica.
- **CALIFICACIÓNS ACADÉMICAS:** Conxunto de títulos, certificados e

coñecementos que un determinado individuo posúe e que lle permiten o desempeño dunha certa función/profesión.

- **SISTEMA EDUCATIVO:** É o conxunto de medios polos que se realiza o dereito á educación, que se expresa pola garantía dunha permanente acción formativa orientada a favorecer o desenvolvemento global da personalidade, o progreso social e maila democratización da sociedade.